

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 31 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

A evolución do mercado de traballo e o incremento do desemprego fan necesario articular medidas que inclúan accións de atención constante e especializada dirixidas a aqueles colectivos con dificultades de inserción laboral. O permanente cambio, froito das evolucións sociais, tecnolóxicas e organizativas, comporta unha dificultade engadida para as persoas que buscan un emprego, e fanse necesarios, a miúdo, procesos de orientación e asesoramento especializados que lles presten colaboración ás persoas demandantes de emprego e lles faciliten o camiño cara ao mercado laboral. As directrices de emprego da Unión Europea e os plans nacionais de acción para o emprego recollen como actuación prioritaria a mellora da capacidade da inserción laboral dos desempregados a través da información e a orientación profesional personalizada.

O novo escenario económico xustifica a necesidade de fortalecer as ditas accións de orientación, para mellorar a empregabilidade dos desempregados e facilitar a recolocación dos que procedan dos sectores máis afectados pola nova conxuntura económica.

Con este obxectivo, no ano 1998 o Instituto Nacional de Emprego estableceu un sistema de orientación laboral, baseado en accións de información, orientación e busca activa de emprego, coa finalidade de mellorar a ocupabilidade dos demandantes de emprego. Este sistema prevé a colaboración de entidades especializadas para incrementar a capacidade e a calidade das accións, o seu achegamento aos usuarios e a atención a colectivos específicos. No Real decreto 1375/1997, do 29 de agosto, estableceuse o traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación, e asumíronse as funcións e os servizos transferidos mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro.

Pola súa banda, o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio das competencias, entre outras, en materia de formación para o emprego e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

En virtude do exposto, e co fin de promover a inserción laboral en Galicia, resulta conveniente manter a colaboración en materia de información e orientación laboral dos usuarios do Servizo Público de Emprego de Galicia con aquelas entidades que contén cos recursos humanos, técnicos e materiais necesarios para o desenvolvemento deste tipo de

accións, segundo o previsto no artigo 8.3º da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

O Acordo do Diálogo Social en Galicia, asinado o 5 de febreiro de 2007, recolle entre os seus obxectivos un novo modelo do Servizo Público de Emprego de Galicia, que establece itinerarios de inserción e procedementos de comprobación da profesionalidade dos demandantes de emprego.

Esta orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1º da orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e a concesión das subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así, o financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 12.05.322B.481.0, 12.05.322B.460.0 e 12.05.322B.444.0, código de proxecto 2002 14460, correspondente a fondos finalistas transferidos: P.O. adaptabilidade e emprego 2007 ESO5UP000I-período 2007-2013, 12.05.322B.481.2, 12.05.322B.461.0, código de proxecto 2010 00762 e 12.05.322B.461.0, código de proxecto 2010 00763, correspondentes a fondos procedentes do Fondo Social Europeo, a través do Programa Operativo de Galicia 2007-2013, cun cofinanciamento do 80% correspondente ao Fondo Social Europeo e do 20% correspondente á Xunta de Galicia. Todos eles figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e emitidos os informes preceptivos na tramitación desta orde, por proposta da Dirección Xeral de Formación e Colocación e en uso das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ás entidades que realicen accións de información, orientación e busca de emprego articuladas en itinerarios personalizados de inserción profesional e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación dos demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Artigo 2º.-*Entidades beneficiarias.*

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta orde as entidades que teñan personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos, en concreto, as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociacións empresariais e sindicais de Galicia e as entidades especializadas

en atención a determinados colectivos, preferentemente con diminucións físicas, psíquicas ou sensoriais, que realicen accións de información e orientación profesional de acordo co previsto nestas bases reguladoras.

No caso das asociacións empresariais e sindicais de carácter sectorial e das confederacións, só se considerarán as solicitudes de maior ámbito territorial, é dicir, denegarase aquelas solicitudes das entidades mencionadas cando existan solicitudes susceptibles de resolución favorable presentadas por asociacións ou confederacións dun ámbito territorial máis amplo ás que pertencen ou estean asociadas.

Tamén poderán ser beneficiarias destas subvencións as fundacións dependentes das organizacións empresariais e sindicais de Galicia especializadas na realización de accións de información e orientación laboral.

Artigo 3º.-*Accións subvencionables.*

As accións a que se refire o artigo 1 desta orde realizaranse de xeito personalizado coa finalidade de avaliar o perfil curricular de cada demandante de emprego, actuando ao mesmo tempo sobre as súas aptitudes e capacidades e establecendo actuacións tendentes a adecuar os seus intereses e motivacións á situación actual do mercado de traballo.

Tamén se poderán desenvolver accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que lles permitan aos demandantes articular itinerarios activos e eficaces na busca de emprego. Estas accións deberán ser autorizadas previamente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, que determinará a duración destas, o número de usuarios de cada acción e a metodoloxía que se vai empregar.

Igualmente, poderán ser obxecto de subvención aquelas accións que, mediante a información, a motivación, o asesoramento ou outros procedementos, faciliten a detección e dinamización de iniciativas de autoemprego entre os demandantes de emprego.

As accións especificadas neste artigo deberán ser realizadas polo persoal seleccionado de conformidade co previsto no artigo 11º desta orde.

Artigo 4º.-*Destinatarios das accións de información, orientación e busca de emprego.*

Serán destinatarios das accións previstas nesta orde todos os demandantes de emprego inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia, ben cando o soliciten expresamente, ou ben cando lles sexa ofertado polo dito servizo a través de calquera dos seus departamentos.

Artigo 5º.-*Requisitos das entidades solicitantes.*

1. As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer de locais con despacho ou despachos axeitados para a atención individual aos demandantes de emprego.

b) Dispoñer dun fax con numeración autónoma, independentemente do tipo de acceso utilizado (líña analóxica, acceso básico RDSI ou outros), co fin de garantir a comunicación cos servizos centrais do Servizo Público de Emprego de Galicia.

c) Conexión coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia. A conexión poderase facer de tres formas diferentes:

-Acceso básico dedicado RDSI.

-Acceso á rede corporativa por liña dedicada ADSL.

-Acceso á rede corporativa vía internet.

d) En calquera das tres opcións, o hardware de comunicación que posibilite a conexión á Rede Corporativa da Xunta de Galicia terá que cumprir os estándares definidos polo organismo xestor da dita rede.

e) Dispoñer dun ordenador persoal con protocolo TCP/IP. A conexión do ordenador á Rede Corporativa da Xunta de Galicia deberá ser exclusiva. Unha vez establecida esta, non se poderá acceder a el a través doutras canles de comunicación por elementos situados en redes alleas á propia entidade. Queda expresamente prohibido o uso de técnicas NAT, proxy ou similares na canle de comunicación que oculten a identidade única da estación de traballo. O enderezo IP da estación de traballo debe ser fixo en calquera das tres modalidades de conexión. En calquera das modalidades de acceso, os diferentes elementos da rede de comunicación permitirán a apertura de sockets TCP desde os servizos centrais do Servizo Público de Emprego de Galicia ata a estación de traballo do usuario. Tanto o software de base instalado como as características do hardware da estación de traballo deberán posibilitar o correcto funcionamento do aplicativo cliente do Servizo Público de Emprego de Galicia.

f) Dispoñer de acceso á internet e ao correo electrónico.

g) A entidade terá que aplicar medidas de seguridade de nivel medio no tratamento da información de carácter persoal. Ademais, deberá contar con software antivirus debidamente actualizado e con mantemento periódico en todas as estacións de traballo que teñan acceso á Rede Corporativa da Xunta de Galicia.

2. Ademais dos requisitos especificados na epígrafe anterior, as entidades que desexen colaborar coa Dirección Xeral de Formación e Colocación na realización de accións de información profesional deberán acreditar experiencia en tarefas de intermediación no mercado laboral, prospección de empresas e xestión de bolsas de traballo.

3. Pola súa parte, as entidades que desexen colaborar coa Dirección Xeral de Formación e Colocación na realización de accións de orientación laboral e busca de emprego deberán acreditar experiencia

en materia de orientación profesional e laboral, motivación cara ao emprego, técnicas de busca de emprego, acompañamento para a inserción, selección de persoal e/ou valoración de postos de traballo.

4. As entidades que colaboren coa Dirección Xeral de Formación e Colocación na realización das accións previstas no artigo 3º desta orde deberán levar a cabo as ditas accións cos seus medios propios e nas instalacións habilitadas por cada entidade para o seu desenvolvemento.

5. Non poderán obter a condición de beneficiarias as entidades que incorran nalgunha das prohibicións que establece o artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-*Solicitud*.

1. As entidades que, reunindo os requisitos establecidos no artigo anterior, desexen colaborar co Servizo Público de Emprego de Galicia na área da información, orientación e busca de emprego, deberán formalizar a correspondente solicitude, segundo o modelo oficial que se xunta como anexo I a esta orde, subscribida polo titular ou representante legal da entidade, debidamente acreditado, e dirixida ao/a director/a xeral de Formación e Colocación.

2. A presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, as entidades incluídas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 quedarán exentas de achegar os xustificantes a que se refire o dito precepto.

3. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia compulsada da escritura de constitución e dos estatutos da entidade.
- b) Tarxeta de identificación fiscal.
- c) Documentación acreditativa de representación legal para asinar a solicitude.
- d) Título lexítimo que habilite para a posesión dos inmobles e instalacións correspondentes.
- e) Licenza municipal de apertura.
- f) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 5º desta orde:

-Planos do local, selados e asinados polo representante legal da entidade, nos cales debe figurar o enderezo do centro ou centros aos cales corresponden, e con indicación expresa do despacho ou despachos que se dedicarán á realización das accións de información, orientación e busca de emprego, tendo en conta que a entidade solicitante deberá

dispor de tantos despachos como persoas se dediquen a estas accións.

-Facturas conformadas ou documentos que acrediten a existencia dun fax con liña dedicada, conexión ADSL, RDSI ou equivalente, protocolo de comunicación TCP/IP e acceso á internet.

g) Memoria das accións que se van realizar, na cal deberán figurar, de xeito claro e facilmente identificables, os seguintes puntos:

1º Recursos humanos, técnicos e materiais da entidade, con indicación expresa do número de técnicos de información, orientación e busca de emprego propostos para a realización das accións.

2º Documentación que acredite a experiencia no desenvolvemento das accións solicitadas, detallando o tipo de accións realizadas, a metodoloxía empregada e o número de usuarios atendidos.

3º Xustificación da necesidade das accións.

4º Sistemas de avaliación das medidas de apoio que se lles van prestar aos demandantes de emprego.

5º Porcentaxe de inserción laboral dos usuarios das accións de información, orientación e busca de emprego que a entidade prevexa acadar.

6º Estudo organizativo do servizo, metodoloxía dos traballos ou outros documentos, como manuais de procedemento, relativos ás accións incluídas na colaboración, funcións do persoal propio da entidade, maneira de desenvolveselas, criterios de desenvolvemento e ordenación do traballo e cadea de mando existente na entidade. Deberá, igualmente, especificar a metodoloxía aplicable á prospección de empresas.

h) Orzamento de gastos relativo ao custo do persoal técnico e do persoal de apoio, referido a un período de doce (12) meses, con indicación do número de persoas que realizarán as accións.

i) No caso de que a entidade solicitante desenvolva outras medidas de carácter ocupacional (formación profesional ocupacional, escolas obradoiro, obradoiros de emprego ou asesoramento a emprendedores), a documentación suficiente que o acredite.

l) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas presentadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades, segundo o modelo recollido no anexo II desta orde.

m) Datos da conta bancaria onde se desexe percibir a subvención, segundo o modelo recollido no anexo III desta orde.

n) Declaración da entidade de non estar incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As entidades que no momento de presentar a súa solicitude posúan a condición de entidades colaboradoras do Servizo Público de Emprego de Galicia na área da información e/ou orientación e busca de emprego estarán exentas de presentar a documentación indicada nas letras a) b), c), d) e e) da epígrafe 3 deste artigo. No suposto de que se producise algunha modificación na documentación que consta en poder da Administración, estas entidades deberán remitir a dita documentación convenientemente modificada.

Así mesmo, as entidades dependentes dunha Administración pública estarán exentas da presentación do documento indicado na letra a) da epígrafe 3 deste artigo.

5. Se a solicitude presentada non reúne os requisitos establecidos nesta orde, faráselle un único requirimento á entidade para que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende o erro ou xunte os documentos preceptivos. De non facelo así, terase por desistida da súa petición, logo de resolución ditada de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

6. As solicitudes presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 7º.-Prazo.

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 8º.-Criterios de valoración para a concesión das subvencións.

1. A concesión das subvencións previstas nesta orde realizarase conforme os seguintes criterios:

a) Cobertura existente dentro do Servizo Público de Emprego de Galicia segundo a comarca e/ou concello en que se sitúe a entidade, en relación co número de habitantes e demandantes de emprego de cada zona: 10 puntos.

b) Experiencia acreditada da entidade no desenvolvemento das accións que solicite realizar: 4 puntos.

c) Desenvolvemento, por parte da entidade solicitante, doutras medidas de carácter ocupacional complementarias ás definidas nesta orde, de xeito que unha mesma entidade lles poida ofrecer aos demandantes de emprego a maior oferta de actuacións ocupacionais necesarias co fin de lograr a inserción e/ou mellorar as posibilidades de emprego dos usuarios atendidos, con realización de IPI: 10 puntos; sen IPI: 6 puntos.

d) Ter abordado a prospección e o estudo do mercado de traballo na comarca en que se sitúa a entidade: 8 puntos.

e) Recursos humanos, técnicos e materiais, así como procedementos de xestión e seguimento das accións que aseguren un fluxo adecuado de participantes, garantan a puntualidade e exatidade da información e que non impliquen un aumento de cargas de traballo para o Servizo Público de Emprego de Galicia: 10 puntos.

f) Sistemas de avaliación dos servizos aos demandantes de emprego, que poñan de manifesto a calidade daqueles: 10 puntos.

g) O emprego da lingua galega na realización das accións de información, orientación e busca de emprego: 5 puntos.

2. A valoración mínima para a consecución da condición de entidade beneficiaria debe ser de 20 puntos.

Artigo 9º.-Procedemento de concesión de subvencións.

1. O procedemento que se seguirá na tramitación dos expedientes será o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación de todas as solicitudes presentadas, e outorgaráselles dentro do crédito dispoñible a aquelas entidades que obteñan maior valoración en aplicación dos criterios previstos nas epígrafes do punto 1 do artigo anterior.

3. O órgano competente para a instrución será a Subdirección Xeral de Colocación.

4. As solicitudes serán avaliadas por unha comisión de avaliación que estará formada polo/a subdirector/a xeral de Colocación, o/a xefe/a do Servizo de Orientación Laboral e un/unha funcionario/a adscrito/a á dita subdirección.

5. A proposta de resolución, debidamente motivada, será formulada polo órgano instructor á vista do informe da comisión de avaliación e seralles notificada aos interesados.

Os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; unha vez transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

6. A resolución do procedemento, que será motivada, correspóndelle á/ao directora/or xeral de Formación e Colocación, por delegación da/do conselleira/o de Traballo e Benestar, e será ditada no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta de resolución.

A resolución e a notificación deberanse producir nun prazo de tres meses, que se contará desde o día

seguinte ao da entrada da solicitude no correspondente rexistro, e deberase ter en conta o disposto nos artigos 59.6º b) e 58.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase desestimatoria.

7. A resolución que finaliza os procedementos regulados nesta orde esgota a vía administrativa, polo que contra ela se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do dito acto se fose expreso, ou seis meses se non o fose, contados neste caso a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

8. Potestativamente, con anterioridade á interposición do dito recurso contencioso-administrativo, e de acordo co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo no prazo dun mes se o dito acto fose expreso e, se non o fose, o prazo será de tres meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados. Todo isto sen prexuízo do disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, aplicable aos supostos de litixios entre administracións públicas.

9. As resolucións de concesión serán obxecto de publicación segundo o establecido no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 10º.-*Obrigas das entidades beneficiarias das subvencións.*

a) Manter as condicións relativas ás instalacións e medios dedicados á realización das accións de información e/ou orientación e busca de emprego e poñer á disposición dos técnicos todos os medios materiais necesarios para o correcto desenvolvemento das súas funcións e, en particular, os equipamentos informáticos precisos, o acceso á internet e ao correo electrónico.

b) Presentar semestralmente á Dirección Xeral de Formación e Colocación a información relativa ás accións realizadas, na cal constará sempre a sinatura dos participantes e da técnico/a orientador/a.

c) Facilitar, no prazo máximo de dez (10) días, os datos que a Dirección Xeral de Formación e Colocación requira sobre o desenvolvemento e o resultado das accións realizadas.

d) Manter á disposición do Servizo Público de Emprego de Galicia e custodiar durante o período en que se executen as accións de información e/ou orientación e busca de emprego o expediente completo de cada usuario. En caso de cesamento das súas actividades ou de perda da súa condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia na área da información, orientación e busca de emprego, a entidade remitirá os expedientes dos usuarios á oficina de emprego que lle indique a Dirección Xeral de Formación e Colocación.

e) Obter o consentimento dos usuarios para o tratamento automatizado dos seus datos persoais.

f) Facilitarlles información aos usuarios do estado dos seus datos de carácter persoal incluídos nos ficheiros automatizados en calquera das formas expresadas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

g) Adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal dos usuarios e evitar a súa alteración, perda ou o tratamento non autorizado, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

h) Gardar o segredo profesional respecto dos datos contidos nos ficheiros automatizados de titularidade da Consellería de Traballo e Benestar ou rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado. Esta obriga subsistirá cando a entidade finalice a súa colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Colocación. Os datos de carácter persoal obxecto do tratamento automatizado estarán sometidos, no que respecta á súa comunicación, ao disposto no artigo 11º da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

i) Utilizar adecuadamente as identificacións segundo as instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación e, en todo caso, incluír en toda a documentación relativa ás accións de información, orientación e busca de emprego os logotipos da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo).

j) Obter autorización previa por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación para a difusión publicitaria das accións previstas no artigo 3º desta orde, así como respectar as instrucións e utilizar o modelo de anuncio ou cartel publicitario que determine a dita dirección xeral.

l) Informar os usuarios dos servizos de información, orientación e busca de emprego do cofinanciamento das accións por parte do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

l) Non percibir retribución económica ningunha dos usuarios pola realización das accións de información e/ou orientación e busca de emprego desenvolvidas en colaboración coa Dirección Xeral de Formación e Colocación no marco desta disposición.

m) Informar a Dirección Xeral de Formación e Colocación e, se é o caso, solicitar autorización, previamente e por escrito, sobre calquera cambio que se puidese producir nos datos expresados pola entidade no inicio da súa colaboración.

n) Informar a Dirección Xeral de Formación e Colocación sobre se perciben axudas ou subvencións doutras administracións por levar a termo accións iguais ou análogas ás reguladas nesta orde.

o) Comunicarlle a Dirección Xeral de Formación e Colocación calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

p) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

q) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamentou a concesión das subvencións.

r) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.

s) Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.

t) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Artigo 11º.-*Selección e contratación do persoal para a realización das accións de información, orientación e busca de emprego.*

1. As entidades beneficiarias, unha vez ditada resolución estimatoria, realizarán a preselección dos técnicos, en todo caso titulados medios ou superiores, necesarios para o desenvolvemento das accións referidas no artigo 3º desta orde.

Unha vez realizada a dita preselección, a entidade remitiralle á Dirección Xeral de Formación e Colocación ou á xefatura territorial correspondente, segundo o caso, os currículos das persoas preseleccionadas, suficientemente acreditados.

Os técnicos da Consellería de Traballo e Benestar avaliarán os currículos presentados de acordo co seguinte baremo:

| | |
|---|--|
| Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo: -Titulación media ou superior -Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 5 puntos | |
| Titulación académica (máximo 2,5 puntos) | Puntuación |
| Titulacións preferentes: -Psicoloxía -Pedagogía -Psicopedagogía -Socioloxía -Educación Social -Traballo Social -Diplomatura de Relacións Laborais ou Graduado/a Social | 2,5 puntos 2,5 puntos 2,5 puntos 2,5 puntos 2,0 puntos 2,0 puntos |
| Outra titulación media | 1,0 punto |
| Outra titulación superior | 1,5 punto |
| Formación complementaria (máximo 2 puntos) | Puntuación |
| Másters, cursos en materias relacionadas coa ocupación | 0,1 puntos por cada 30 horas formativas |
| Experiencia profesional (máximo 5 puntos) | Puntuación |
| A experiencia profesional deberase acreditar a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos. Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberanse acreditar mediante certificación de organismos oficiais | |
| Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc. | 0,4 puntos por cada mes |
| Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe) | 0,1 puntos por cada mes |
| Outros méritos (máximo 0,5 puntos) | Puntuación |
| Celga 3 ou equivalente debidamente homologado | 0,15 puntos |
| Celga 4 ou equivalente debidamente homologado | 0,25 puntos |
| Cofecementos de informática | 0,25 puntos |

*(No caso de que o candidato/a posúa os títulos Celga 3 e Celga 4, só se valorará o Celga 4).

A acta de selección asinarase conxuntamente co representante da entidade.

Unha vez asinada a acta de selección do persoal que realizará as accións de información, orientación e busca de emprego, a entidade pode proceder á contratación do persoal.

O establecido nos puntos anteriores non será de aplicación ás entidades que xa colaborasen co Servizo Público de Emprego de Galicia no programa de información, orientación e busca de emprego no exercicio 2009-2010 sempre que propoñan os mesmos técnicos que desenvolveron as accións descritas nesta orde no pasado exercicio e así o fagan constar no momento da solicitude de subvención.

2. O procedemento descrito na epígrafe 1 deste artigo non será de aplicación para a contratación de persoal de apoio, por considerarse este auxiliar administrativo.

3. Os técnicos seleccionados a que alude a epígrafe 1 deste artigo poderán ter relación contractual previa coa entidade colaboradora ou non e, en todo caso, deberán posuír o título de diplomado ou licenciado universitario, preferentemente en Psicoloxía, Psicopedagogía, Pedagogía, Socioloxía, Educación

Social, Traballo Social, Relacións Laborais ou Graduado Social.

A entidade beneficiaria asume a súa condición de empregadora respecto ao seu propio persoal técnico de emprego contratado e o compromiso de cumprir a normativa laboral en materia de contratación.

4. As entidades beneficiarias deberanlles facilitar aos seus traballadores os elementos persoais e materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo e achegar a súa propia dirección e xestión para a articulación da colaboración conservando a estrutura de mando sobre o seu persoal, conforme as liñas definidas na memoria.

Serán os responsables das entidades beneficiarias os que lles impartirán todas as ordes e criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores. A entidade beneficiaria será a responsable da calidade técnica das tarefas que desenvolva.

Artigo 12º.-*Contía das subvencións.*

1. As contías previstas nesta orde terán por obxecto subvencionar as retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os conceptos do persoal necesario para a execución das accións.

a) Para os técnicos, titulados superiores ou medios, as retribucións establecidas na respectiva normativa de aplicación para cada categoría, nivel ou grupo profesional, ata un máximo de 30.688,29 euros por ano.

b) Para o persoal de apoio, as retribucións establecidas na respectiva normativa de aplicación para cada categoría, nivel ou grupo profesional, ata un máximo de 21.480,29 euros por ano.

2. Igualmente, subvencionarase ata un 15% do total da subvención aprobada, en concepto de gastos xerais, materiais, técnicos, axudas de custo e desprazamentos que se xeren polo desenvolvemento das accións recollidas nesta orde.

3. As retribucións refírense á prestación de servizos a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

4. En ningún caso, o importe da subvención que se outorgue ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

Artigo 13º.-*Gastos imputables.*

1. En relación co artigo anterior, a acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvencionables realizarase achegando a seguinte documentación:

a) Retribucións de persoal:

-Copia autenticada do contrato.

-Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondentes aos meses imputados.

-Copia autenticada das nóminas correspondentes aos meses imputados.

-Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.

-Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de gastos xerais, materiais e técnicos necesarios.

Considéranse gastos imputables neste capítulo:

-Gastos de elaboración de material técnico.

-Gastos en material de oficina, impresos e material funxible.

-Gastos xerais para a realización das accións: alugamentos (*leasing* excluído), seguros de responsabilidade civil, mantemento (se non está incluído no alugamento), subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no alugamento), comunicacións (teléfonos, correos...), limpeza, seguridade e vixilancia.

-Gastos que se orixinen por axudas de custo e desprazamentos necesarios para o desenvolvemento das accións, ata o máximo establecido para ambos os conceptos pola Xunta de Galicia, ou polas normas legais ou regulamentarias, nos correspondentes convenios colectivos de aplicación, ou contrato de traballo. Se as ditas contías fosen superiores, as máximas subvencionables con cargo a esta orde serán as estipuladas nas normas regulamentarias da Xunta de Galicia.

A acreditación deste bloque de gastos farase mediante as facturas correspondentes, orixinais ou copias compulsadas e xustificación do pagamento destas a través de transferencia bancaria ou cheque nominativo, tendo en conta que todas as facturas achegadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

2. Non terán a consideración de gastos imputables ás subvencións que se concedan con cargo a esta orde, os seguintes:

a) Gastos financeiros.

b) Gastos de asesoría.

c) Gastos relacionados co cumprimento dos requisitos para obter a subvención.

d) Gastos de formación e/ou obtención de títulos ou cotas de colexios profesionais.

e) Os gastos imputados que fosen documentados con facturas que non cumpran os requisitos legais aplicables.

f) Calquera outro tipo de gasto que pola súa natureza ou relación co programa subvencionado non se corresponda co establecido nas epígrafes a) e b) do punto 1 deste artigo.

Artigo 14º.-*Forma de pagamento.*

1. O aboamento da subvención realizarase do seguinte xeito:

a) Unha vez presentado por parte da entidade beneficiaria o certificado de inicio das accións segundo o anexo IV e a copia compulsada do contrato ou contratos do persoal que realizará as accións e o certificado de alta na Seguridade Social do dito persoal, e descontado, se é o caso, o período que a entidade non puidese xustificar por ter contratado con posterioridade á data establecida como inicio na resolución de concesión, aboarase o 35 por 100 da suma das subvencións do ano 2010 e 2011, en concepto de anticipo á conta da xustificación.

b) Cando a entidade beneficiaria teña certificado e xustificado conforme o previsto no artigo 13.1º desta orde o 20 por 100 da suma das subvencións de 2010 e 2011 da anualidade correspondente, transferirase un 20% da cantidade total, sempre e cando a suma do anticipo anterior (35%) e o que se solicita (20%) sexa inferior ao importe da subvención concedida para o ano 2010.

c) As entidades beneficiarias disporán ata o 30 de decembro de 2010 para presentar a liquidación parcial da subvención, pola que deberán presentar a xustificación de todos os gastos realizados con cargo á subvención durante o exercicio 2010 conforme o previsto no artigo 13.1º desta orde. A Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada e os anticipos percibidos pola entidade, correspondentes á subvención concedida para o ano 2010.

d) Unha vez finalizadas as accións, a entidade beneficiaria presentará liquidación final conforme o establecido no artigo 17º desta orde. A Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada pola entidade, correspondente á subvención concedida para o ano 2011.

2. En todo caso, as certificacións e xustificacións presentadas polas entidades beneficiarias deberanse axustar ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Unha vez xustificado o importe total do anticipo concedido e conforme o previsto no artigo 15º desta orde, e en todo caso durante o mes seguinte ao de finalización das execucións das accións obxecto da subvención, a entidade beneficiaria presentará liquidación final dos gastos realizados, no modelo que dispoña a Dirección Xeral de Formación e Colocación, consonte o establecido no artigo 17º desta orde.

Artigo 15º.-*Requisitos para o aboamento.*

1. Unha vez finalizadas todas as actividades, as entidades beneficiarias deberán acreditar, mediante certificación selada e asinada polo representante da entidade, a realización das accións descritas.

2. Así mesmo, finalizadas as accións, e antes de proceder ao último pagamento, a entidade beneficiaria deberá presentar unha declaración de conxunto

de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades segundo o anexo II desta orde.

Artigo 16º.-*Prazo de execución das accións.*

As accións poderanse executar desde o 1 de febreiro de 2010 ata o 31 de xaneiro de 2011. O proxecto conxunto de accións deberase ter iniciado antes do 30 de setembro de 2010.

Artigo 17º.-*Liquidación final.*

1. Antes do 30 de decembro de 2010, as entidades beneficiarias a que se refire no artigo 14.1º.2 presentarán liquidación dos gastos realizados durante o exercicio 2010 no modelo que figura como anexo V a esta orde, acompañada da documentación especificada no artigo 13.1º desta orde.

2. Antes do 1 marzo de 2011 as entidades beneficiarias a que se refire o artigo 14.1º.1 presentarán liquidación dos gastos realizados correspondente á subvención concedida no modelo que figura como anexo V a esta orde, acompañada da documentación especificada no artigo 13.1º desta orde.

Igualmente deberán presentar memoria das accións realizadas durante a totalidade do período subvencionado, con especificación dos demandantes de emprego atendidos en cada unha delas.

3. Ás entidades que, transcorridos os prazos especificados nas epígrafes 1 e 2 anteriores, non presentasen a documentación de xustificación final dos gastos, poderalles ser exixido o reintegro das cantidades percibidas en concepto de anticipo, consonte o disposto no artigo 19º desta orde.

En caso de que calquera das xustificacións presentadas fose incorrecta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de dez (10) días, advertíndolle que, de non o facer, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida, nos termos e coas condicións sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 18º.-*Seguimento e control das accións.*

1. Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar poderá realizar as comprobacións e verificacións que considere precisas para a constatación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normativas vixentes que resulten de aplicación.

Así mesmo, as xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar poderán realizar comprobacións e verificacións presenciais e aleatorias en calquera das entidades beneficiarias da subvención, co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas nesta orde.

No caso de levarse a cabo visitas de seguimento por parte da Consellería de Traballo e Benestar, as entidades beneficiarias na área de información e/ou orientación e busca de emprego facilitarán o acceso

ás instalacións en que se realizan as accións, así como toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación coa subvención concedida que se lles solicite.

Nas visitas de seguimento elaborárase un informe que asinarán o responsable da visita e o responsable da entidade. A sinatura do responsable da entidade non implicará a conformidade co contido do informe.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, o incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 19º.-*Reintegro das subvencións.*

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.
- b) Incumprimento da finalidade para a cal a axuda foi concedida.
- c) Incumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas sinaladas nesta orde.
- d) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos nesta orde.

2. Así mesmo, procederá o reintegro por parte da entidade beneficiaria das cantidades que excedan a contía que se vai percibir polas accións realizadas, unha vez deducidas outras subvencións ou axudas recibidas pola entidade beneficiaria para a mesma finalidade, e, en todo caso, observárase o disposto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-*Participación institucional.*

A participación dos axentes sociais para os efectos do Servizo Público de Emprego efectuarase a través do Comité Autonómico de Emprego.

Disposicións adicionais

Primeira.-As accións incluídas nesta orde, financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran nos orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2010: 12.05.322B.481.0, cun importe de 4.166.562 euros na anualidade de 2010 e 1.720.000 euros na anualidade de 2011, código do proxecto 2002 14460; 12.05.322B.460.0, cun importe de 638.490 euros na anualidade de 2010 e 460.000 euros na anualidade de 2011, código do proxecto 2002 14460; 12.05.322B.444.0, cun importe de 514.207 euros na anualidade de 2010 e 175.000 euros na anualidade de 2011, código do proxecto 2002 14460; 12.05.322B.481.2, cun importe de 725.000 euros na anualidade de 2010, e 235.000 euros na anualidade de 2011, código do proxecto 2010 00762; 12.05.322B.461.0, cun importe de 806.598 euros na anualidade de 2010 e 520.000 euros na anualidade de 2011, código do proxecto 2010 00763; 12.05.322B.461.0, cun

importe de 577.560 euros na anualidade de 2010 e 105.000 euros na anualidade de 2011, código de proxecto 2010 00762.

As ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

Segunda.-Poderanse ditar resolucións complementarias das solicitudes presentadas dentro de prazo, cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas ou de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado. Os incrementos serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceira.-A concesión das subvencións terá como límite global o crédito asignado para este fin nesta orde, e o límite dos compromisos plurianuais que se adquiren ao abeiro do artigo 58.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, logo da autorización do compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta.

Cuarta.-Apróbase a delegación de atribucións da/do conselleira/o de Traballo e Benestar na/no directora/or xeral de Formación e Colocación para conceder, autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos así como para exixir do beneficiario o reintegro da subvención cando aprecie a existencia dalgun dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.-En todo o non disposto nesta disposición, será de aplicación a normativa do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais relativa ao programa de información, orientación e busca de emprego, en concreto a Orde do 20 de xaneiro de 1998, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a realización de accións de orientación profesional para o emprego e asistencia para o autoemprego, e a Orde TAS 816/2005, do 21 de marzo, pola que se adecuan ao réxime xurídico establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, as normas reguladoras de subvencións que conceda o Servizo Público de Emprego Estatal nos ámbitos do emprego e de formación profesional ocupacional, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase á/ao directora/r xeral de Formación e Colocación para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR331A | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

| | | | |
|---|----------|-----------------------|----------------------|
| NOME OU RAZÓN SOCIAL | | IDENTIFICACIÓN SOCIAL | |
| REPRESENTANTE LEGAL | | NIF | |
| ENDEZEZO DA ENTIDADE SOLICITANTE | | PROVINCIA | LOCALIDADE |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | ENDEZEZO ELECTRÓNICO |
| ENDEZEZO DO CENTRO EN QUE SE VAN DESENVOLVER AS ACCIÓNS | | | |
| TELÉFONO | FAX | ENDEZEZO ELECTRÓNICO | |

Don/Dona _____, con DNI número _____.

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

Que reúne todos e cada un dos requisitos exixidos no artigo 5º da Orde ____/_____, do _____, e

SOLICITA:

Para a entidade _____ que se lle conceda a subvención solicitada para:

A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN LABORAL E BUSCA DE EMPREGO

Igualmente, Don/Dona _____ comprométese a ceder á Dirección Xeral de

Formación e Colocación os proxectos e produtos financiados con cargo a esta orde, de acordo cos requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Quen abaixo asina DECLARA QUE dá expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE CONFORME O ARTIGO 6.3º DA ORDE ____/_____/_____

- COPIA COMPULSADA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE
- TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ASINAR A SOLICITUDE
- TÍTULO LEXÍTIMO QUE HABILITE PARA A POSESIÓN DOS INMOBLES E INSTALACIÓNS CORRESPONDENTES
- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS REQUISITOS EXIXIDOS NO ARTIGO 5º
 - 1.- PLANOS DO LOCAL
 - 2.- FACTURAS CONFORMADAS OU DOCUMENTOS QUE ACREDITEN A EXISTENCIA DUN FAX CON LIÑA DEDICADA, CONEXIÓN ADSL, RDSI OU EQUIVALENTE, PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN TCP/IP E ACCESO Á INTERNET
- MEMORIA DAS ACCIÓNS QUE SE VAN REALIZAR
 - 1.- RECURSOS TÉCNICOS, HUMANOS E MATERIAIS REQUIRIDOS, CON INDICACIÓN EXPRESA DO NÚMERO DE TÉCNICOS DE INFORMACIÓN E/OU ORIENTACIÓN PARA OS CALES SE SOLICITA A SUBVENCIÓN
 - 2.- EXPERIENCIA NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS SOLICITADAS, DETALLANDO O TIPO DE ACCIÓNS REALIZADAS, A METODOLOXÍA EMPREGADA E O NÚMERO DE USUARIOS ATENDIDOS
 - 3.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DAS ACCIÓNS
 - 4.- SISTEMAS DE AVALIACIÓN DOS SERVIZOS QUE SE LLES PRESTARÁN AOS DEMANDANTES DE EMPREGO
 - 5.- PORCENTAXE DE INSERCIÓN LABORAL DOS USUARIOS DAS ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN QUE A ENTIDADE PREVEXA ACADAR NO PERÍODO SUBVENCIONADO
- ORZAMENTO DE GASTOS RELATIVO AO CUSTO DO PERSOAL TÉCNICO E DO PERSOAL DE APOIO, CONVENIENTEMENTE DESAGREGADO POR TÉCNICO: SOLDADO BRUTO (INCLUIDAS PAGAS EXTRAS E INDEMNIZACIÓNS), E COTA PATRONAL, REFERIDO A UN PERÍODO MENSUAL E A UN PERÍODO DE 12 MESES
- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE PARTICIPACIÓN NOÚTRAS MEDIDAS DE CARÁCTER OCUPACIONAL (FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL, ESCOLAS OBRADOIRO, OBRADOIROS DE EMPREGO, ASESORAMENTO A EMPREENDEDORES, ETC.)
- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DE CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ENTES OU SOCIEDADES (ANEXO II)
- DATOS BANCARIOS ONDE SE DESEXE PERCIBIR A SUBVENCIÓN (ANEXO III)
- DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS RECOLLIDAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 31 de decembro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

DATA DE EFECTOS

DATA DE SAÍDA

ANEXO II

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES

EXP. Nº

Don/Dona , con DNI número

en nome e representación da entidade , con NIF/CIF número

en calidade de da entidade,

DECLARA:

Que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e, se é o caso, lle foi concedida a seguinte axuda para o mesmo fin:

| DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, ENTE OU SOCIEDADE PÚBLICA Á CAL LLE FOI SOLICITADA A AXUDA | DATA DE SOLICITUDE | DATA DE CONCESIÓN | CONTÍA |
|--|----------------------|----------------------|----------------------|
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

Non ter solicitada nin, en consecuencia, concedida ningunha axuda para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes.

_____, de _____ de _____

Asinado:

Directora xeral de Formación e Colocación

ANEXO III

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

| | | | |
|--|------------------------------------|---------------------------------------|----------------------------------|
| TITULAR DA CONTA <input type="text"/> | | DNI/NIF <input type="text"/> | |
| ENDEREZO <input type="text"/> | | | |
| PROVINCIA <input type="text"/> | LOCALIDADE <input type="text"/> | CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> | TELÉFONO <input type="text"/> |

DATOS DA CONTA

| | | | |
|---|--|--|--|
| CÓDIGO DO BANCO <input type="text"/> | CÓDIGO DA SUCURSAL <input type="text"/> | ORDINAL BANCARIO <input type="text"/> | CÓDIGO DA CONTA CORRENTE <input type="text"/> |
| ENTIDADE FINANCEIRA <input type="text"/> | ENDEREZO <input type="text"/> | | |
| PROVINCIA <input type="text"/> | LOCALIDADE <input type="text"/> | CÓDIGO POSTAL <input type="text"/> | |

CERTIFICO

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante Sinatura e selo da entidade financeira

Directora xeral de Formación e Colocación

ANEXO IV

COMUNICACIÓN DE INICIO DAS ACCIÓNS

Don/Dona [] , en representación da entidade [] con NIF [] , que ten concedida unha subvención ao abeiro da Orde [] / [] , do [] , para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, aprobada pola Resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo e Benestar, con data do [] , e número de expediente [] ,

COMUNICA:

Á Subdirección Xeral de Colocación da Dirección Xeral de Formación e Colocación que, con data do [] , se iniciaron as actividades de:

ORIENTACIÓN

Para tal efecto contratouse o persoal que se especifica a continuación:

| NOME | NIF | DATA DE INICIO | TIPO DE PERSOAL (TÉCNICO/ PERSOAL DE APOIO) |
|------|-----|----------------|--|
| [] | [] | [] | [] |
| [] | [] | [] | [] |
| [] | [] | [] | [] |
| [] | [] | [] | [] |

_____, de _____ de _____

Sinatura e selo da entidade

Asinado:

ANEXO V

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE GASTOS * ATA O 30-12-2010 DESDE O 1-1-2011 ATA O 31-1-2011

Don/Dona , en calidade de do centro

con NIF , con código SPEG e número de expediente ,

CERTIFICA:

Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións do expediente de referencia, correspondentes ao período comprendido entre o día e o día , se destinou aos fins para os cales se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a estas, e que os gastos efectuados para tal fin, con cargo á dita subvención, son os que se detallan a continuación:

1.- GASTOS DE PERSOAL

| I.1.- PERSOAL TÉCNICO | SALARIO BRUTO | COTIZACIÓN S.S. EMPRESA | TOTAL |
|---|----------------------|-------------------------|----------------------|
| RELACIONAR TÉCNICOS E OS MESES QUE SE IMPUTAN | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| SUBTOTAL 1.1 | | | <input type="text"/> |
| I.2.- PERSOAL DE APOIO (AUXILIARES) | SALARIO BRUTO | COTIZACIÓN S.S. EMPRESA | TOTAL |
| RELACIONAR PERSOAL DE APOIO E OS MESES QUE SE IMPUTAN | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| SUBTOTAL 1.2 | | | <input type="text"/> |
| TOTAL I | | | <input type="text"/> |

5.- GASTOS XERAIS

| CONCEPTO | Nº FACTURA | DATA FACTURA | NIF | RAZÓN SOCIAL | TOTAL FACTURA | % QUE SE VA A APLICAR | TOTAL IMPUTABLE |
|---|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|----------------------|-----------------------|----------------------|
| A) GASTOS DE ELABORACIÓN DE MATERIAL TÉCNICO | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| B) GASTOS EN MATERIAL DE OFICINA, IMPRESOS E MATERIAL FUNXIBLE | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| C) GASTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS ACCIÓNS: | | | | | | | |
| C.1) ALUGUERES (LEASING EXCLUIDO) | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| C.2) SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| C.3) MANTEMENTO (SE NON ESTÁ INCLUIDO NO ALUGUER) | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| C.4) SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN (SE NON ESTÁ INCLUIDO NO ALUGUER), COMUNICACIÓNS (TELEFONOS, CORREOS), LIMPEZA, SEGURIDADE E VIXILANCIA | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| D) GASTOS QUE SE ORIXINEN POR AXUDAS DE CUSTO E DESPRAZAMENTOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TOTAL 2 | | | | | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |
| TOTAL (GASTOS I+2) | | | | | <input type="text"/> | <input type="text"/> | <input type="text"/> |

* En papel con logotipo da entidade
Lembren que todas as follas do certificado deben estar asinadas e selladas